

Soledad García gaña o Certame de Poesía de Nadal de Begonte



Soledad García. |

19 01 2024

O xurado do XLVIII Certame Nacional de Poesía de Nadal de Begonte, convocado pola asociación cultural que impulsa o tradicional belén da localidade lucense, proclamou a escritora nigranesa Soledad García Riveiro gañadora polo poema “Bethleém”, un chamado á resiliencia en tonro á situación do pobo de Palestina. A autora gañou varios premios no último ano, en decembro recibía o Manuel Oreste Rodríguez pola obra “As palabras son cinzas por soprar”.